

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 22

SESION EXTRAORDINARIA DO 16 DE DECEMBRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezaseis de decembro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Sr. Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. Jose Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno do Concello, sesión extraordinaria, convocado para o día de hoxe ás 9,00 horas, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, único punto da orde do día, aprobación definitiva Modificación Orzamentaria 63/2020, crédito extraordinario con remanentes de Tesourería para gastos xerais, constamos quórum e iniciamos o Pleno. Os tempos serán os correspondentes a unha moción, 5 minutos máis tres minutos de réplica final, o concelleiro non adscrito terá os tempos habituais, iniciamos coa intervención do concelleiro de Facenda.

**UNICO(226).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN
ORZAMENTARIA NÚMERO 63/2020. CRÉDITO EXTRAORDINARIO**

FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. EXPTE. 680/441 (REXISTRO PLENO 2713/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 7 de decembro de 2020, o concelleiro de Orzamentos e Facenda emite a seguinte proposta,

“A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 29 de outubro de 2020, coa proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, previa emisión de todos os informes preceptivos, aprobou a modificación orzamentaria nº 63/2020. A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión do 11 de novembro de 2019, ditaminou favorablemente a proposta formulada.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 12 de novembro 2020, aprobou inicialmente a modificación orzamentaria nº 63/2020, tramitada no expediente

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 220 do día 13 de novembro, comezando a súa exposición o día 16, e rematando o prazo da mesma o 4 de decembro de 2020.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta e incorporada ao expediente electrónico emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, unha alegación que forma parte da documentación que conforma o expediente 680/441.

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171

do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No informe que figura no expediente, enuméranse as principais limitacións tanto en relación cos suxeitos como as causas obxecto de alegación. Tendo en conta o informe, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO...”

Deseguido o concelleiro informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para ratificar esa Modificación Orzamentaria que xa aprobamos no Pleno do 12 de novembro e tamén como corresponde no proxecto do Orzamento de 29 de outubro deste ano 2020 porque hai que sinalar que somos o primeiro Concello de España en facer uso deses remanentes líquidos de Tesourería, en facer uso dos aforros dos concellos para satisfacer as necesidades da economía para reactivar a economía, somos polo tanto ese primeiro concello de España, concello que nos imitan ao longo de todo o territorio español en uso deses remanentes peso ao bloque dalgunhas forzas políticas como o Partido Popular por exemplo, que votou en contra no Congreso incluso e viaxou a Bruselas para intentar torpedear ese levantamento das regras fiscais e tamén dalgún outros grupo políticos por que? Miren, somos un modelo de acción política porque reaccionamos fronte as necesidades mentres outros deixan pasar ese “les affaires” da dereita, do Partido Popular que non fai nada nas crises, nós como Partido do goberno, como partido progresista si que reaccionamos fronte a crise, reactivamos, tratamos de reactivar a economía cando outros tratan de paralizar a economía, resulta sorprendente repasando as noticias de prensa destes días, ver estranas alianzas, Lores, Almeida, Kitchen, supoñen o uso dos remanentes, significativos quen bloquean e quen reactivamos a economía, porque queremos ser actores do cambio, non meros espectadores, somos actores do cambio, por iso

exercemos as nosas competencias no que temos competencia e tratamos de reactivar a economía, utilizando unha ferramenta que ten todo o goberno, o gasto público produtivo, reactivando polo tanto eses aforros que estaban bloqueado polo LARSAL, por esa Lei Montoro que non nos deixaba utilizar os nosos aforros, as nosas eficiencias para as necesidades da xente, para as necesidades da cidade, polo tanto, reactivando, usando, agora si ese aforros que tiñamos acumulados pola boa xestión e porque precisamente tiñamos esa capacidade de ter unhas finanzas públicas solventes porque Vigo ten unhas finanzas públicas solventes e por iso pode utilizar os remanentes, por iso pode utilizar os aforros que ten a cidade.

Ademais aforros e investimento que non xera gasto futuro, non compromete gasto futuro, un investimento produtivo que impulsa esa demanda de ben, esa demanda de servizos que polo tanto, permiten manter emprego e incrementar incluso emprego porque xa o dixen no outro Pleno, se hai emprego hai consumo, se hai consumo hai hostalería, hai servizos, hai automóbil, hai en definitiva, actividade económica en beneficio de todos.

Por iso mobilizamos un importante número de recursos, 33 millóns de euros no Concello, máis 2,8 na Xerencia de Urbanismo, en total case 36 millóns de euros de investimento produtiva para a cidade e máis de 50 actuacións en toda a cidade, en distintos ámbitos atendendo a tódolos barrios, parroquias da cidade, e atendendo á cuestións significativas como Vigo Verde, como a sostibilidade ambiental coa vía Verde por exemplo, en Teis, hai que recordar que esa vía Verde permite utilizar as antigas vías do tren, cando este Alcalde logrou que esas vías de tren se soterrasen para utilizar esas vías de tren para facer un espazo de encontro na cidade, para non facer unha fenda na cidade especialmente nese barrio de Teis pero tamén para crear un Vigo de vangarda con ascensores, co Vigo Vertical, tamén cun ascensor en Teis, si, tamén cun ascensor que permite salvar das distancias en Teis, coa rúa Talude, no acceso a estación do tren de alta velocidade e polo tanto, reducindo as barreiras para que se permita a mobilidade das persoas, pero tamén facendo si, un Vigo para as persoas claro que si, conseguindo que a Tesourería Xeral da Seguridade Social nos cedese o antigo ambulatoria de Teis para facer unha biblioteca, nós si queremos unha biblioteca, resulta sorprendente que o Partido Popular intente bloquear agora ata a biblioteca do Estado, mentres nós creamos bibliotecas, outros poñen paus nas rodas para que non haxa unha

biblioteca en Vigo, unha biblioteca do Estado en Vigo, polo tanto, nós si que queremos un Vigo para as persoas e atendendo a tódalas parroquias, a tódalas zonas da cidade, tódolos barrios con inversión produtiva con mais de 50 actuacións, produtivas que xerarán emprego, que xerarán economía, que xerarán benestar, e que farán de Vigo unha cidade habitable, unha cidade para as persoas e unha cidade onde se crea emprego, se incrementa emprego, e se atrae o investimento tamén a esta cidade. Así o que ratificamos hoxe é o uso deses aforros municipais para precisamente iso, incrementar as nosas capacidades produtivas, incrementar o benestar, e incrementar e facer un máis e mellor Vigo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Asistimos hoxe á aprobación definitiva dunha modificación orzamentaria por importe de 33 millóns de euros que vostedes xa elaboraron en réxime de monologo, sen considerar ningunha achega de ningunha proposta, ningunha idea de ningún grupo político, mais de tampouco ningún colectivo social. O pasado 12 de novembro aprobábase inicialmente so cos seus votos, despois de rexeitar ademais unha emenda á totalidade do BNG que o que pretendía era precisamente destinar estes importantes recursos a atender as necesidades reais da cidade, centradas en paliar os efectos derivados da crise da COVID-19. Estas semanas que transcorreron o que viñeron foi a ratificar que a súa proposta de aplicación dos remanentes está absolutamente fora da realidade, onte mesmo o sector da hostalería volvía a mobilizarse nesta cidade para esixir axudas directas que eviten peches e destrución de emprego e diante desa mobilización a resposta do Alcalde e do seu goberno foi asubiar e limitarse a dicir que non é asunto seu, felizmente neste país e felizmente para o sector da hostalería noutros concellos hai gobernos tamén presididos polo Partido Socialista que non están actuando con esta absoluta irresponsabilidade. Vostedes ademais rexeitaron as alegacións que ven de formular a veciñanza de Teis e a única resposta que lle ofreceron foi volver a insistir na permanente descualificación e no desprezo da asociación veciñal de Teis, como saben, eu veño do movemento veciñal, e sería moi bo para o Alcalde ter pasado polo movemento veciñal porque é onde se aprende sobre todo a escoitar a quen pensa diferente, estase moi cómodo no monólogo, estase moi cómodo sen recibir ningún tipo de contraste porque eu creo que a estas alturas xa todo o

mundo sabe que o ten medo o Sr. Caballero é que ninguén se atreva a dicirlle que o Rei está expido.

PRESIDENCIA: Sobre todo con vinte concelleiros e vostede con un. Nos 20 concelleiros e vostede con 4 é que hai que constatar a realidade, a realidade é bo constatala de vez en cando.

SR. PÉREZ CORREA: Máis alá da aritmética electoral e como hai que constatar a realidade, estamos completamente de acordo máis alá da realidade que dan as votacións cada 4 anos, esta é a realidade é a cidade que vive no día a día, e este goberno local ten decidido que como unha estratexia de avestruz que mete a cabeza nun burato, ten deicidio que a realidade debe ser só cando se produce o proceso electoral e logo os catro restantes anos, da cidade polo menos “se te vin non me acordo”, e esta é unha cuestión non menor, me gustaría que eu sei que son semanas difíciles para o alcalde pero que intente cando menos escoitar porque creo que é unha das funcións principais da función pública, me parece perfecto que logo na súa rolda de prensa se adica a descualificar de maneira permanente xa non á oposición senón tamén de maneira permanente aos profesionais dos medios de comunicación que fan o seu traballo, nos vimos aquí a falar dunha cuestión que dicía o noso grupo municipal que era central e histórico por primeira vez os concellos ían poder utilizar eses aforros que de xeito absolutamente inxusto o Partido Popular a través dunha lei dixo, imos a propoñer que sexan os concellos os que paguen o pato da crise económica anterior e imos a obrigar aos concellos que están asumindo cada vez mais servizos e máis competencias impropias a que teñan secuestrado gran parte dos seus recursos ou que non podan gastar incluso no exercicio gran parte do recursos que teñen por unha interpretación do Teito de Gasto e este grupo municipal e o dixemos aquí no Pleno moitas veces non lembro si está o Alcalde pero nesta cuestión si que estaba o Alcalde da Cidade e lle dixemos este grupo municipal, non é cuestión de secuestrar os recursos municipais, non é cuestión de facerlle un préstamo ao Ministerio de Facenda para que logo simplemente poidamos ter o 30% deses cartos que poñamos no Ministerio de Facenda, este concelleiro díxoo e está nas actas, é unha cuestión de interpretación das regras fiscais e do Teito de gasto, se nos clasificou como que

nós, obviamente non somos economistas nin estivemos en universidades estranxeiras, pero o curioso é que mentres que vostedes estaba a defender incautar os recursos municipais a ministra estaba negociando unha posibilidade aberta de eliminar o Teito de Gasto, interpretar as regras fiscais e poder utilizar de xeito natural os remanentes e afortunadamente vostede o fixo, porque este grupo municipal xa lle dixeran naquela altura que nada impedía ao Concello coller os seus remanentes e empregalos, bueno, a cuestión teremos que discutir en que e para que, e en que momento de interpretación da realidade deciden vostede que é unha prioridade poñerlle un teito de metacrilato a un tranvía que parece da guerra de Kosovo alí abandonado na Avenida de Castelo, vostedes interpretan que sigue sendo unha prioridade absoluta desta cidade ou proxectos grandes de remodelación de grandes prazas, como se non pasara absolutamente nada na hostalería como se non pasara absolutamente nada nos servizos sociais ou como se non pasara absolutamente nada nunha campaña de Nadal que home que máis que luces e creo que a xente e ademais é constatable, está pedindo unha política de cobertura social, vostedes decidiron utilizar 33 millóns de euros para unha cidade como se non pasara absolutamente nada, é lexítimo pero non nos veñan co baile da competencia, eh, cos ridiculismos da competencia este grupo municipal xa non altura ningún, porque a competencia que vostedes teñen para as becas de inglés é exactamente análogo á competencia que vostedes teñen para deitar tódolos recursos, agora mesmo que poden empregar do remanente, para políticas de cobertura social ou políticas de facer unha lectura real do que está a pasar na cidade, voulle poñer un exemplo, eu podo entender que vostedes teñen un contrato leonino, inxusto e absolutamente tendencioso de Vitrassa, e podo entender que é herdado das decisións doutros alcaldes, lexítimo, podo entender que Vitrassa chantaxea dende esa posición de poder que sucesivos Alcaldes pero vostedes tamén, lle deron á concesionaria privada, saben que ten feito o concello de Sevilla que acaba de aprobar unha exactamente análoga a esta modificación dos seus remanentes de Tesourería, ingresar recursos económicos para garantir os salarios da empresa municipal de transporte en Sevilla, se vostedes sabían, independentemente da chegada dos recursos do estado que van a chegar felizmente porque se aprobou un orzamento do estado, sabemos que imos a ter que compensala porque teñen un contrato que ou lle garantimos 20 millóns de

pasaxeiros ou aquí pasan por caixa, e nun ano onde esa caída extremadamente grave vostedes van a ter, poden facelo pola vía civil ou militar pero a Vitrasa nos ten collido literalmente polos machos, e vostedes en vez de analizar iso como unha prioridade para evitar que Vitrasa chantaxee co cadro de persoal e non pague salarios deciden que é máis importante cubrir un tranvía que está parada, non como o autobús que se move tódolos días na cidade.

PRESIDENCIA: Hoxe teremos unha reunión de goberno da FEMP e informarei disto, vostede adiantouse e ten pouca información, hoxe coñecerá toda a FEMP toda a información sobre transporte e sobre o que o goberno de España vai a facer.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Eu entendo que vostede estea incomodo con este tema dos remanentes, é comprensible que estea incomodo porque vostede estes cartos que temos na caixa estivo a punto dalos a Madrid, vostede asinou que estes cartos tiñan que ir a Madrid e recibilos nun préstamo e porque tódolos grupos políticos se opuxeron a iso os remanentes felizmente se poden gastar, non era un problema da lei Montoro, non era un problema de ter que facer un préstamo, era simplemente un problema de decisión política que se arranxou onde se tiña que arranxar, levantando o Teito de Gasto moi sinxelo por certo, e aquí estamos felizmente debatendo sobre o destino destes 35 millóns de euros, cantidade que como digo aínda segue na caixa do Concello porque entre outros aquí houbo máis de 100 alcaldes e concelleiros de toda Galicia do PP que dixeron que o que estaba facendo non estaba ben, e ten que vir aquí o goberno ao Pleno baixando as orellas no Concello non unha senón dúas veces, porque houbo unha alegación, debe de ser o carma. Señor Alcalde ese é o valor da súa palabra, non foi quen de gastar todos os remanentes, son 92 millóns de euros dos remanentes, 74 millóns de euros libres, non foi quen de gastar os recursos que os cidadáns lle puxeron na súas mans e que o Pleno aprobou, que tiñan un gasto definido e non foi quen de gastalos, non o fixo nestes anos e por que imos crer que o vai a facer agora? A quen imos a crer ao Alcalde que o recadou coa promesa de gastalos e non o fixo? Ao Alcalde que dixo que había que entregalos a Madrid e non era verdade? E porque estes 35 millóns e non os 74 millóns? E por que en obras, por que nestas obras e non noutras? Por que non peonalizamos dunha vez o Paseo de Alfonso e a

rúa Elduayen que van a quedar condenadas, a ter tráfico? Por que non en comercio? Por que non en hostalería? Por que non en política social? Que pasa, Sr. Alcalde non sabemos que neste mes de novembro xa hai 23.683 persoas desempregadas en Vigo, 1.823 persoas desempregadas máis que o mesmo mes do ano pasado, mire Sr. Alcalde nós queríamos que viñesen aquí con estas obras e con outras pero tamén con máis axudas á política social e con máis axudas ao comercio e á hostalería como xa fixeron o resto das cidades galegas e todas as deputacións galegas, tódalas grandes cidades e tódalas deputacións de Galicia contan xa con axudas para o comercio e á hostalería, tamén xa a Deputación de Pontevedra permite utilizar o plan concellos para axuda ao sectores afectados polo COVID-19, tamén xa a Deputación de Pontevedra, só queda vostedes Sr. Alcalde, lle pedíamos 10 millóns de euros do remanente para axuda ao comercio e á hostalería e poder axudar a 3.500 autónomos e micropemes, 10 millóns de euros cando vostede prometera mil nun plan colosal, non eran moitos cartos, non quixo, negouse, política social lle dixen mesmo habería que incrementalas son só 19 millóns de euros, 10 menos que A Coruña, non quixo. Tamén queríamos que nos dixera que facía co total do remanente que son 40 millóns de euros porque Sr. Alcalde, que extraordinaria urxente necesidade hai en cubrir o tranvía de Coia, ese tranvía que foi un agasallo en plena campaña electoral a cambio de nada, a unha empresa que ten os autobuses ateigados un día si e outro tamén, que non paga a nómina dos traballadores, non paga a nómina dos traballadores, unha empresa no que o concello consigna tódolos anos dez ou doce millóns para compensarlle pola diferenza tarifaria, polos prezos do billete e polas lanzadeiras ao CUVI, unha empresa que acabamos, acaba vostede de darlle 5 anos máis de concesión pero que prorroga fixo vostede? Non comprobou a solvencia financeira da empresa antes da prorroga, non sabían cal era o estado financeiro de Vitrasa? Miren, vostedes xa en maio, xa calculaba que Vitrasa tiña que cobrar 10 millóns de euros, e agora Vitrasa di publicamente na prensa “la empresa dice que el ayuntamiento le debe 2 millóns de euros” publicamente e eu digo e lle pregunto Sr. Alcalde, solicitou Vitrasa do Concello o pago dun importe con cargo á indemnización, Sr. Alcalde, estase a tramitar a día de hoxe neste Concello un expediente de indemnización a Vitrasa? Non acepte a chantaxe de Vitrasa Sr. Alcalde, non o acepte.

SR. ANEIROS PEREIRA: De novo, mire, estes remanentes de 33 millóns se adican á economía da cidade, se adican partindo de tres premisas claras, a primeira, o diálogo permanente coa cidade, soamente na época de pandemia de confinamento este Alcalde se reuniu con tódolos colectivos, con tódolos representantes do tecido produtivo da cidade en mais dunha ocasión soamente, outros collen o coche oficial e liscan rápido para Santiago de Compostela, veñen aquí a presentar un novo presidente da Autoridade Portuaria e liscan rápido a Santiago de Compostela, aquí é unha porta quee está aberta aos cidadáns, é un Alcalde que está permanentemente en contacto cos cidadás, e polo tanto, atendemos permanentemente aos cidadás. Nesas reunións de confinamento os sindicatos precisamente pedían investimento produtivo, polo tanto, diálogo permanente tamén cos sectores produtivos e un segundo pilar fundamental, previo a destinar 33 millóns, a atender urxente claro que si, facemos fronte aos gastos do COVID-19, limpamos colexios, parques infantís, pavillóns, atendemos esas necesidades do COVID-19 e tamén atendemos ás necesidades das persoas, máis de 12.000 familias atendidas cos orzamentos deste Concello, polo tanto, con gasto social único deste Concello, cunha atención ás persoas única por parte deste Concello, claro que si, segundo pilar fundamental atender urxente, atender ás persoas que o precisan, claro que si, por iso podemos adicar eses 33 millóns de euros de remanentes e atender tamén aos sectores que o precisan claro que si, miren, aprazamos ata dúas veces os impostos locais deste Concello, e ademais reducimos un 25% a taxa lo lixo comercial, os vados comerciais e a auga para os negocios que estiveron pechados na época de pandemia, estamos na segunda fase de redución desas tarefas, polo tanto, atendemos claro que si, claro que atendemos ás persoas que o necesitan, polo tanto, non facemos un descoido das nosas obrigas, non facemos un descoido das nosas competencias, e sobre todo non deixamos a ninguén tirado na rúa, nin persoas, nin comercios porque atendemos á xente dentro das nosas competencias, pero miren, o que vostedes están a facer é blanquear esas políticas do Partido Popular tanto o non adscrito como Marea, ou como por suposto o Partido Popular, eu non sacaba inocentemente este titular de prensa de que o Sr. Lores, Kitchen, Almeida fan pinza común, claro que si, porque non queren que se usen os aforros para atender ás necesidades da

xente, prefiren facer un bloqueo político para gañar rédito político e non atender ás necesidades da xente, nós preferimos adicarnos primeiro á xente, nós debémonos á xente e debémonos á economía e por iso, facemos ese uso dos remanentes dos 33 millóns de euros porque o señor non adscrito, os señores de Marea porque senón o que están a facer é blanquear o Partido Popular, que é o que non quere que se usen os remanentes, non ven que o Partido Popular nas crises non fai nada, se cruza de brazos, nós usamos os instrumentos que nos da o ordenamento, gasto público produtivo e facemos ese gasto público produtivo porque temos aforros, porque temos boa xestión, porque temos recursos para adicar ás necesidades das persoas, miren, onte no concello de Pontevedra manifestábanse xente da hostalería, non vin ao Alcalde de Pontevedra reuníndose co sector da hostalería, non vin ao concello de Pontevedra dando axudas á hostalería, cando o Sr. Feijóo recibe cartos de Madrid para dar recursos á hostalería, onde están eses cartos da Xunta de Galicia que non chegan á hostalería, nós si que axudamos á hostalería, a Xunta de Galicia non axuda á hostalería.

PRESIDENCIA: Quería darlles algunha información e facer algúns comentarios, sobre o que neste momento está a suceder aquí, porque despois dunha etapa de antimunicipalismo e dureza absoluta contra os concellos de España, protagonizado polo Partido Popular, que dende o ano 2012 adicouse a cogotar, minguar, diminuír e desfinanciar aos concellos, agora estamos nun momento no que felizmente podemos utilizar os nosos recursos, e foron anos de política moi dura que eu soportei dende este Concello e presidindo a FEMP, sabendo que o gran inimigo da acción municipal era o Partido Popular, era a Lei LARSAL, practicamente anulada polo Constitucional, aprobada polo Partido Popular coa súa maioría democraticamente obtida e a Lei de estabilidade e suficiencia financeira que foi o maior atentado que houbo contra os concellos na historia da democracia, asinada polo Partido Popular e aquela lei provocou unha enorme carencia de recursos en concellos, pero ao mesmo tempo unha forma de ir comprimindo as asignacións orzamentarias aos propios concellos, salvo unha discrecionalidade dende o goberno de España e dende a Xunta de Galicia en favor dos concellos de signo do Partido Popular, iso foi o que pasamos, durante tantos anos, cunha enorme dureza dun grupo que aínda agora segue sen votar aqueles avances importantes para os

concellos, hoxe, hoxe mesmo, van a votar en contra de decisión importantemente municipalistas.

Deixeime que o retome dende o principio, para Vigo o Decreto-Lei do goberno de España era enormemente beneficioso, máis que a situación actual, saibamos onde estamos eh!, eu como presidente da FEMP defendín a tódolos concellos pero aquel Decreto que nos iba a dar a fondo perdido o 50% dos remanentes e despois os ía devolver para podelos gastar durante 8 anos, para esta cidade era enormemente beneficioso moito máis que a situación actual, porque íamos a ter tódolos remanentes máis a metade a fondo perdido, infinitamente mellor que o que hai agora pero algúns grupos votaron en contra, algúns o votaron en contra e para Vigo era substancialmente mellor que a situación actual que é bastante boa, por que? Porque eu non fixen un cálculo en termos de lexislaturas políticas, eu valorei cidade, íamos a gastar tódolos remanentes en 8 anos e nos ían a regalar polo menos o 50%, que podía chegar ata o 60 ou 70%, e polo tanto, en termos de Vigo era moito mellor, probablemente para algúns concellos non fora mellor porque temen perder eleccións e operaban en termos persoais de goberno, que eu non o critico pero para a cidade de Vigo o decreto inicial do goberno de España era mellor que a situación actual, pero se votou en contra, entón houbo que recorrer só aos remanentes sen recibir o 50% a fondo perdido porque nós íamos a recibir agora 40 millóns de euros e poder utilizar nos próximos anos os 80 millóns que temos, por certos, os próximos anos e o ano que ven e este ano, dentro de 25 días, iso xa é, lle era o momento de utilízalos xa llo expliquei aquí, claro que para Vigo era moito mellor aquel, señor voceiro do grupo Popular, por certo, repaso os seus conceptos de economía porque o importante non foi o Teito de Gasto como vostede dixo, o importante foi que non computa en déficit, pero bueno, isto é unha cuestión en fin, que lle imos facer, non o entende vostede, non o vai entender nunca.

Seguramente porque estudei na Universidade de Santiago, son catedrático da Universidade de Vigo e estudei nas universidade de Sussex de Cambridge pero non vai de títulos, non vai diso, vai de entender, non é o importante o Teito de Gasto, o importante que non computa en déficit e por eso podemos gastar senón non poderíamos porque sabe que nos impide entrar en déficit a Lei Montoro porque sanciona, a Constitución non sanciona eh! A Constitución dí non se pode

ter déficit pero non sanciona, o que sanciona é a Lei Montoro e por certo con intervención, cunha intervención dun concello por isto o que nós defendíamos non era malo para os concellos e era moi bo para o concello de Vigo. A partir de aí que sucedeu? Pois miren, hoxe darei unha información que non dou aquí porque debo dala primeiro no goberno da FEMP, pero primeiro, conseguimos en Vigo tódolos remanentes por que non utilizamos tódolos remanentes agora? Pois é fácil de entender señor voceiro do Partido Popular porque estamos a pagar débedas do goberno da Sra. Porro, e vostedes saben que? Os aparcamentos, sabe quen os contratou? A Sra. Porro, por certo, no momento final do seu mandato xa, cando xa tiña as eleccións perdidas, que casualidade, sabe que significa? Que temos sentencias en contra e que temos que pagar indemnizacións e nós somos un concello serio, temos un interventor, un secretario, uns técnicos serios que nos din que hai que pagar e polo tanto, unha parte dos remanentes, aforro deste goberno desta cidade ten que ir para pagar decisións que tomou aínda o goberno do Partido Popular, a iso hai que sumarlle que xa tivemos que pagar 35 millóns de euros, case entorno a esas cifras do auditorio Mar de Vigo, tamén contratado polo goberno do Partido Popular, e que seguimos pagando débedas daquel goberno, aínda, e por iso temos un principio de precaución de utilizar unha cifra moi importante de remanentes, moi importante e agora falarei diso, porque seguramente poderemos utilizar mais pero teremos que esperar a ver cal é o saldo final no que nos atopamos dentro dun par de meses, principio elemental de precaución, porque eu non quero deixar este concello quebrado, quero deixalo con cero débeda e con capacidade de subsistir, a min mo deixaron con 60 millóns de euros de débeda, 60 millóns, que tivemos que pagar e todas estas débedas encubertas.

Claro, é que é algo moi importante nunha economía, moi importante, o emprego e o emprego e os investimentos que facemos van a xerar miles de empregos, isto é así de fácil de entender, e que cando me reunín cos sindicatos me pediron emprego en obra e que foi o que me pediron, os sindicatos me pediron “Alcalde, o máximo posible de investimento” esa foi a súa petición hai só 5 meses eh! Non estou a falar do paleolítico superior, estou falando de hai 5 meses, e claro que estamos a facer investimento porque a cidade o reclama porque estamos construíndo unha cidade con a dignidade, á altura dos propios cidadáns inmensamente dignos en Vigo pero o mesmo tempo miles, miles e miles de

empregos creados e iso é o que pretendemos todos, xerar emprego, neste momento a través deste investimento somos os primeiros xeradores en incremento de emprego, ademais dos plans de emprego e todo o resto das políticas que estamos a levar por iso fixemos rapidamente unha utilización de remanentes rápidos para comezar a xerar emprego o antes posible, porque se contratamos un mes antes é un mes de emprego sen que a xente teña que esperar no paro e en difícil situación, tódolos días facemos unha reunión aquí para falar da situación da pandemia, e a concelleira de Política Social nos informa con frecuencia da xente sen teito que imos buscando emprego para que atopen unha situación, se trata diso, emprego para parados, para miles de parados nesta cidade, e para que? Para seguir transformando a cidade, e cada un ten que adicar os recursos aos seus obxectivos porque miren, nós adicamos á hostalería, non dende a pandemia, dende sempre millóns de euros cada ano, cando os concellos gobernados por tódolos grupos que vostedes, membros da oposición representan adican cero nós cobrábamos cero en terrazas, dende que eu cheguei á Alcaldía, non esperamos a que chegara a pandemia, dende sempre, millóns de euros que deixamos de cobrar ben utilizados en favor dunha actividade económica que ten dificultades, sempre as tivo e agora graves. Saben canto achegou a Xunta de Galicia á hostalería de Vigo? Sábeno? Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego e concelleiro/as de Mareas, saben canto achegou a Xunta de Galicia? 5 euros, a cada establecemento hostaleiro 5 euros, o canón de saneamento, 5 euros como non van estar enfadados? Como a hostaleira non van a estar enfadado? Sabe canto achega o concello de Vigo? Millóns de euros en terrazas, a parte de quitarlle tódolos impostos que lle podamos quitar no tempo que permanecen pechados, todos, sen competencias, claro que as competencias son moi importantes, importantísimas, é arquitectura constitucional porque que está a suceder? Que a Xunta de Galicia se quita desta cidade e o Concello está cubrindo por exemplo, en política social, e miro para a concelleira que está en telemático, é que onte reuníme con 100 alcaldes telematicamente e os alcaldes de Madrid nos dixeron que recibiran unha parte dos recursos do goberno de España, 300 millóns para políticas social en pandemia, e en Andalucía, saben canto recibiron os concellos de Galicia da Xunta de Galicia, dos millóns que lle tocaron dos 300 millóns? Cero, non branqueen o Partido Popular, non branqueen o Partido Popular por demagogia, non branqueen, a

negación do Partido Popular en Política de asistencia á hostalería porque o están a pasar terriblemente mal e xa non se tratan de asignacións locais, se trata de millóns de euros que está recibindo o grupo e a Xunta de Galicia do goberno de España, nestes momentos en torno a 750 millóns de euros e non lle adicou ningún céntimo á hostalería que está a morrer pechada, non branqueen ao Partido Popular, fagan política en serio, colóquese no seu sitio, non porque en Madrid estean votando co Partido Popular dende o Bloque, cometan o error de facelo aquí tamén, cun erro vale, non fagan dous erros, co error de Madrid xa lle chega bastante, véñanse ao sitio onde teñan que estar para apoiar á xente que o está a pasar mal, cos erros que todos podemos cometer, pero non se alíen coa dereita que mantivo aos concellos de España nesta situación durante tantos anos e por iso facemos investimentos para sacar adiante esta cidade, para sexan útiles para a cidade, para facer unha cidade postpandemia que cada vez a imos a necesitar máis e que afortunadamente en Vigo levamos 12 anos facéndoo, porque parte enteira das actuais rúas van a ser peonalizas, porque está cambiando a forma de entender ás cidades e que conseguimos e onde imos estar con este goberno, en fondos europeos, claro que Vigo vai a estar en fondos europeos pero ademais teremos fondos de transporte, pero ademais temos os remanentes, pero ademais temos as entregas ao contado do ano 20, pero ademais o ano 2018 liquidado, é que estamos tendo importantes avances municipais co goberno de España actual, en que cifras? Máis de 17.000 millóns de euros, que case é o dobre que o Plan E, por certo, Plan E criticado duramente pola dereita tamén eh!, duramente, ou é que non nos lembramos das terribles críticas ao Sr. Zapatero porque adicara recursos aos concellos, no máis importante que sucedeu nos concellos de España da democracia que foi o Plan E, aquela capacidade de actuación, o que non vimos como cambiaron tódolos concellos, e isto é o que nós estamos facendo, defendendo neste momento, actuando contra esta crise e xerando emprego e imos seguir facendo, e imos a adicar cada recurso e cada euro que teñamos a investimentos e a sacar adiante este país, cunha clave moi importante, sigo retando, si saben dun só caso de política social que tendo dereito a algunha axuda non a teña, díganlo, un só, non hai limite orzamentario á política social neste Concello, cambiamos a forma de actuar porque a forma anterior con ingreso mínimo vital por certo, decidido por este goberno de España co ingreso mínimo

vital xa ten que ser distinta, ten que ser unha actuación en casos de emerxencia, as convocatorias xa están no ingreso mínimo vital, nós que temos que estar facendo cobertura de toda aquilo que vaia xurdindo cada día porque o sistema de sacar unha convocatoria ao ano vale cando non hai un ingreso mínimo vital, agora hai ingreso mínimo vital, máis RISGA que confío que a Xunta de Galicia o manteña. E isto é que hoxe propoñemos á votación, é isto, o que estamos contando, esta forma distinta de entender a política e de entender ás cidades, e polo tanto remato o debate pasamos á votación.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria rexeita a emenda e ditamina favorablemente a proposta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- INADMITIR a alegación presentada por D. Antonio Collazo Collazo, co nº de rexistro do documento 200257422, por non estar nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación orzamentaria nº 63/2020, correspondente ao expediente 680/441

Xestor	Pro.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
FOMENTO	1532	2100060	Asfaltado na Rúa Marín		218.139,12
FOMENTO	1532	2270660	Redacción proxectos de novas humanizacións		550.000,00
FOMENTO	1532	6090058	20153258 Cubrición e protección Tranvía Castelaio		123.914,14
FOMENTO	1532	6190060	20153260 Human. Rúa Tercio de Afora		274.019,36
FOMENTO	1532	6190061	20153261 Human. G.Barbón (Ros.Castro-I.Peral)		2.197.043,98
FOMENTO	1532	6090062	20153262 Suministro e colocación de biondas para motos		350.000,00
FOMENTO	1532	6090063	20153263 1ª anualí. Acceso peonil S. Avendaño V. Norte		500.000,00
FOMENTO	1532	6190064	20153264 Human. Rúa Troncoso		362.458,03
FOMENTO	1532	6190065	20153265 2ª Fase Integración Urbana Vía Verde		2.967.996,94
FOMENTO	1532	6190094	20153294 Obras de mellora túnel de Beiramar		1.500.000,00
FOMENTO	1532	6190067	20153267 Beirarrúa no camiño do Laranxo		135.925,99
FOMENTO	1532	6190068	20153268 Seguridade e paviment.C.Campo Amor		463.000,00
FOMENTO	1532	6190093	20153293 Humanización Rúa Romil		1.230.000,00
FOMENTO	1532	6190070	20153270 Human. Camiño da Brea		226.881,13
FOMENTO	1532	6190071	20153271 Human. Rúa Costa da Gándara		162.522,14
FOMENTO	1532	6190072	20153272 Human. Rúa Penís de Abaixo		78.256,44
FOMENTO	1532	6190073	20153273 Human. Praza da Feira		151.842,02
FOMENTO	1532	6190074	20153274 Human. Rúa dos Fontáns		58.056,47
FOMENTO	1532	6190075	20153275 Human. Rúa dos C urros		89.541,56
FOMENTO	1532	6190076	20153276 Human. Rúa Subride		153.502,50
FOMENTO	1532	6190077	20153277 Human. Primeira Travesía de Guixar		45.534,57
FOMENTO	1532	6190078	20153278 Human. Rúa dos Foxos		56.291,49
FOMENTO	1532	6190079	20153279 Human. Rúa Rosal Florido		61.703,43
FOMENTO	1532	6190080	20153280 Human. Rúa do Areiro		153.984,99
FOMENTO	1532	6190081	20153281 Human. Rúa do Freixo		274.556,28
FOMENTO	1532	6190082	20153282 Human. Rúa Bagunda		54.537,62
FOMENTO	1532	6190083	20153283 Hum. P.Saavedra, Fase 2, Trv.Foxos-E. Lorenzo		312.471,95
FOMENTO	1532	6190084	20153284 Humnización Rúa Rosal		450.000,00
FOMENTO	1532	6190085	20153285 Human. Rúa G. Espino, 4º Fase		1.600.000,00
FOMENTO	1532	6190086	20153286 Human. Rúa Aragón, 6ª Fase		570.000,00
FOMENTO	1532	6190087	20153287 Human. Rúa Valladolid		450.000,00
FOMENTO	1532	6190088	20153288 Human. Julián Minguillón e Vista Alegre		1.070.668,74
FOMENTO	1532	6190089	20153289 Humanización Rúa Colombia, 2ª Fase		749.293,61
FOMENTO	1532	6190092	20153292 Mellora drenaxe entorno E.Vella, Rúa Paz Pardo		496.500,00

FOMENTO	1539	6190060	20153960 Peatonalización Praza Elíptica	2.320.000,00
FOMENTO	1539	6190061	20153961 V.Vertical, Esc. Mecánica Rúa Talude	750.000,00
FOMENTO	1539	6190062	20153962 V.Vertical, Esc. Mecánica ao C. S. Teis	1.300.000,00
FOMENTO	1539	6090063	20153963 Vigo Vertical, Ascensor Urzaiz Vialia	450.000,00
FOMENTO	1539	6090064	20153964 Vigo Vertical, accesibilidade T. de Vigo_Aragón	900.000,00
FOMENTO/elect.	1650	6190060	20165060 Iluminación Parque Castrelos	622.680,74
FOMENTO/elect.	1650	6190061	20165061 Plan de eficiencia enerxética	2.551.133,15
XARDÍNS	1710	6190060	20171060 Mellora Praza de Miñoa	1.600.000,00
XARDINS	1710	6190061	20171061 Acondicionamento Torreiro Valadares	237.277,80
EDUCACIÓN	3230	62200060	20323060 Investimentos en cubertas de colexios Villalaura-Frian	700.000,00
DEPORTES	3420	6290060	20342060 Dotacións deportivas	60.000,00
DEPORTES	3420	6320061	20342061 Mellora Césped e iluminación C.Fútbol Bao	642.434,46
DEPORTES	3420	6320062	20342062 Mellora campo de fútbol Sta. Mariña	499.908,29
PATRIMONIO	9330	6320060	20933060 Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina	426.116,78
PATRIMONIO	9330	6320061	20933061 Reforma antiga Edar para auditorio	901.806,28
PATRIMONIO	9330	6320062	20933062 Acondicionamento Antigo ambulatorio Teis para Biblioteca	900.000,00
Total				33.000.000,00

TERCEIRO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.”

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.